

A longa reconversión da economía chinesa

Description

A economía chinesa vive momentos convulsos. O novo liderado que asumiu o poder no XVIII Congreso do Partido Comunista (PCCh) a finais de 2012 impulsa ambiciosas reformas co dobre obxectivo de transitar cara a un modelo de desenvolvemento máis sostible e aberto que reforce -e non debilite- a súa hexemonía política (Ríos, 2012). Ao longo do ano 2015 rexistráronse tanto altibaixos como a intensificación de transformacións estruturais cuxo resultado é, polo momento, incerto á vista das resistencias que atopa no aparello burocrático e as propias incertezas que aínda condicionan o rumbo da economía internacional.

A economía chinesa vive momentos convulsos. O novo liderado que asumiu o poder no XVIII Congreso do Partido Comunista (PCCh) a finais de 2012 impulsa ambiciosas reformas co dobre obxectivo de transitar cara a un modelo de desenvolvemento máis sostible e aberto que reforce -e non debilite- a súa hexemonía política (Ríos, 2012). Ao longo do ano 2015 rexistráronse tanto altibaixos como a intensificación de transformacións estruturais cuxo resultado é, polo momento, incerto á vista das resistencias que atopa no aparello burocrático e as propias incertezas que aínda condicionan o rumbo da economía internacional.

Todo o ano 2015 estivo marcado en China por certo sentimento de que as cousas van peor do que prognosticaban os planificadores. Ao comezo do exercicio, nas sesións anuais lexislativas, abordouse un retrato das dificultades que pesan sobre a economía: o investimento contráese, o consumo se estanca, o custo do traballo aumenta, as pemes non poden acceder ao crédito, os beneficios das industrias tradicionais redúcense, a oferta de emprego se debilita, as rendas dos particulares caen, etc. A todo iso deben engadirse as flutuacións á baixa do sector inmobiliario, o repunte das débedas tóxicas dos bancos, as dificultades do sector agrícola, o agravamento da problemática ambiental e certo rexurdir dos conflitos laborais. Este retrato invita a pensar que a necesidade dos axustes alcanzou un punto crítico, pero a capacidade de actuar, recoñeciase no propio Parlamento chinés, estaba limitada polos intereses particulares e corporativos profundamente instalados en determinados segmentos do aparello partidario e estatal.

Noutro sentido, os efectos dos axustes tectónicos xa inducidos no modelo de desenvolvemento maniféstanse no dinamismo do sector financeiro e dos servizos e do consumo, que aumentaron a súa significación no crecemento da economía. Un estudo do congreso de EUA dado a coñecer en outubro, prevé un aumento do consumo entre 2015 e 2016 sinalándoo xa como un dos maiores contribuidores ao PIB chinés. Outro tanto poderíamos dicir dos servizos. En 2005, a produción industrial representaba o 46,9 por cento do PIB contra un 41,4% dos servizos, e en 2012 a parte de servizos excede á industria por primeira vez. As proxeccións en 2015 apuntan a un 49,2 de servizos contra o 41,9 por cento da industria. En L'Economist Intelligent Unit (EIU), con datos confirmados pola revista chinesa Caixin e outras fontes (Congreso de EUA), destacan que os servizos constitúen a primeira fonte de emprego en China.

Na orde financeira, de crecente actualidade todo o último ano, cabe sinalar que os servizos neste ámbito progresaron máis dun 16 por cento no terceiro trimestre de 2015 en relación ao mesmo período de 2014, máis do dobre da economía tradicional. Segundo os economistas, as finanzas chinesas desempeñan un papel moi importante no mantemento dese crecemento global da economía na contorna do 7%. Mentres as industrias primaria e secundaria roldaban un ritmo do 5% nos últimos tempos, as finanzas elevábanse ao 15%. O equipo reformista integrado por Zhou Xiaochuan, presidente do Banco Central, Lou Jiwei, ministro de finanzas, e Liu Hei, diplomado de Harvard e número 2 da CNDR (Comisión Nacional de Desenvolvemento e Reforma), levou a cabo un inxente labor neste exercicio con éxitos importantes.

A moderación do crecemento

O crecemento actuou sempre como o principal faro do éxito do experimento chinés. As taxas desde 1980 sempre estiveron por riba do 9 por cento salvo a finais desa década e dez anos máis tarde, ao comezo do século XXI (Bréhier, 2007). Pero desde 2011 vén manifestando un descenso regular.

En outubro confirmouse o freo ao ritmo de crecemento da economía chinesa, obrigando a unha nova redución das taxas

de interese (a sexta nun ano, situándoa no 4,35 por cento cando en novembro de 2014 era do 6 por cento), a rebaixa do control da taxa de remuneración de depósitos e a redución da taxa de reserva obrigatoria (0,5 por cento) dos bancos. No terceiro trimestre de 2015, o crecemento situouse no 6,9 por cento, un dos máis débiles nos últimos seis anos. É agora o síntoma da “nova normalidade” chinesa.

En 2008, as autoridades responderon á crise orixinada en EUA cun plan de relanzamento financeiro marcado polo investimento masivo, inxectando na economía entre 2009 e 2010 o equivalente a uns 600 mil millóns de dólares, de forma que entre o 2º trimestre de 2009 e o 1º trimestre de 2010, o crecemento pasou de 7,9 a 11,9 por cento. Cabe recordar que entre xaneiro e decembro de 2008, o crecemento caeu máis de tres puntos, do 10,1 ao 6,9 por cento, pero en realidade, segundo algunhas fontes, á vista do baixón no consumo de enerxía, podería caer a un 3% (Ríos, 2012). A remontada marabillou a todos en Europa e EUA, pero tivo danos colaterais, en especial, o aumento do descontrol e das débedas tóxicas nun contexto de agravamento das carencias estruturais, atrasando os axustes no medio da persistencia da atonía das exportacións, o cal facilitou tendencias á baixa. De feito, si no 4º trimestre de 2010 o crecemento era do 9,8 por cento, cando o novo equipo chegou ao poder, a finais de 2012, caera ao 7,8 por cento, non deixando de baixar desde entón, alentando inquietudes económicas pero tamén tensións políticas que obrigaron a proxectar medidas de relanzamento aínda que con fórmulas máis sutís que as aplicadas a raíz da crise de 2008.

A contracción do crecemento acompaña a reestruturación da economía. Tralas convulsiones do mercado bursátil do verán de 2015, a moderación é un efecto inevitable da transición cara a unha economía non tan dependente dos investimentos públicos e de estratexias de endebedamento máis prudentes que deixan entrever a redución de apoios a sectores e empresas en dificultades e con escaso futuro.

As amplas reformas económicas -parte dun paquete máis amplo- auspiciadas polo PCCh van tomando forma para transformar o paradigma de China como taller do mundo, apostando por investimentos públicos máis estudadas, menos desbalde, menos polución, máis competitividade e unha mellora xeral da calidade do crecemento. En paralelo, discorre no medio dunha loita intensa contra a corrupción que ten como branco o propio partido e o Estado pero tamén os grandes feudos industriais, afrontando unha suma de resistencias e receos políticos que non pode desdeñarse.

A crise bursátil

A bolsa chinesa está sometida á influencia máis ou menos directa do poder e é obxecto de flutuacións brutais, a miúdo provocadas polos movementos gregarios dos inversores. Desde xuño de 2014, a capitalización combinada das bolsas de Shenzhen e Shanghai aumentara un 140%. Cando o FMI situou a China como a primeira economía do planeta en termos de paridade de poder de compra, o índice da bolsa de Shanghai rexistraba un alza de transaccións do 27% en tres semanas, cunha elevación do índice do 20,9 por cento desde novembro.

Os pequenos aforradores buscaron alternativas na bolsa ante a debilidade e apatía do mercado inmobiliario. Máis de 5 millóns de novos inversores, a maior parte particulares, dirixíronse á bolsa, que ofrecía maiores expectativas. Eses novos pequenos aforradores, responsables do 80% dos movementos en bolsa, espertaron preocupación política cando se induciron as vendas en cascada e desatouse o pánico.

As bolsas chinesas víñanse caracterizando por ser das máis dinámicas do planeta. En xuño rexistraron as mellores cotizacións desde 2008, gañando un 150% nos últimos doce meses antes de perder o 30% en tres semanas. A Comisión Reguladora de Valores tomou entón unha medida drástica, xa adoptada en 2012: a suspensión das ofertas públicas de compra e a creación dunha forza de choque por valor de 19.000 millóns de dólares apoiada por 21 sociedades de corretaxe e 25 fondos de investimentos baixo a dirección do grupo CITIC encargados de recomprar as accións en dificultades e conxelalas polo menos durante un ano. En todas estas medidas apreciouse con claridade que a Comisión foi máis aló do seu papel á hora de implementar medidas para deter as caídas. A inxerencia política nos mercados da bolsa supón unha singularidade do funcionamento deste mercado en China, certificando que o poder intervirá si hai perigo. O PCCh non se ía a quedar de brazos cruzados e reforzou esta inxerencia cunha investigación que se levou por diante a numerosos responsables do área.

O Banco Central tamén reaccionou activamente para evitar que as flutuacións puidesen afectar ao complexo proceso da reestruturación industrial. O obxectivo era impedir que a morosidade e a desorde puidesen instalarse no mercado bursátil, espiña dorsal da súa estratexia de reforma dos grandes grupos estatais.

Os movementos das bolsas chinesas reflectiron inquietude e desorde no mercado condicionado polo efecto casino ou a

falta de experiencia, máis que evidencia do estado real da economía. Pese á alarma desatada, o fenómeno non presaxia un afundimento da economía chinesa, entre outros porque a capitalización bursátil non pesa o suficiente. En calquera caso, a volatilidade da Bolsa, onde se cruzan os intereses alambicados do Estado e do mundo dos negocios, exemplifica o complexo do proceso de transición cara a unha maior apertura do mercado e os desafíos dos axustes financeiros e industriais.

A privatización dos grandes grupos e dos servizos públicos e a reforma rural

A reforma económica e industrial promovida en China desde 2013 prosegue en dous dominios: a reestruturación dos grandes grupos públicos inmersos nunha estratexia de fusión e unha vasta empresa de acomodamento territorial acompañando ao éxodo rural.

No quinto pleno do Comité Central do PCCh (2015), un dos temas chave foi a reestruturación dos grandes grupos públicos -considerados en non poucos casos feudos contrarios á reforma e politicamente conservadores- que requiren de presións engadidas contra algunhas industrias consideradas intocables.

Os grandes proxectos están vinculados á modernización do tecido urbano e as novas necesidades de conectividade das grandes cidades entre elas. Aínda que se consideran indispensables para a modernización do país, o seu financiamento e a tendencia ao xigantismo poden conducir a unha nova espiral de acumulación de débedas locais. Mal aplicada, a urbanización podería multiplicar os barrios marxinais das periferias dos centros urbanos, fenómeno que a reforma do hukou ou permiso de residencia pretende evitar. Ata agora, China controlou eficazmente esta transición.

En xuño, a CNDR fixo pública unha lista impresionante de máis de 1.000 proxectos de infraestrutura e reordenación territorial cun custo estimado de 2,8 billóns de euros de investimento público e privado, incluíndo autopistas, ferrocarrís, túneles e metros urbanos. As infraestruturas de transporte abarcan todo o territorio e incorporan proxectos de conservación do auga, aumento de hospitais nas zonas periurbanas e rurais financiadas polas rexións e as municipios. A súa ambición é suficiente para modificar a nosa visión da China rural e urbana. Entre os máis espectaculares cabe citar o túnel baixo o mar que unirá Yantai e Dalian, novas liñas de metro en Beijing ou en Hangzhou, e novos metros en Urumqi, Lanzhou, Guiyang, etc. Só en Anhui contéplanse 27 proxectos de infraestrutura. Aos transportes hai que sumar irrigación e captación de auga (canle de Gansu), embalses, campos eólicos, novos aeroportos...

Na orde industrial preténdese reducir o número de grupos públicos nunha operación avanzada contra os intereses corporativos instalados no sector do Estado e principal xerador de débeda. Desde o outono de 2014 sopra un vento de reforma do tecido industrial. Os grandes grupos están endebedados e son difíciles de reformar, pero operan nalgúns casos en sectores estratéxicos e iso confírelles un certo poder político que debe xestionarse en paralelo á vontade do poder de dinamizar o sector produtivo concedendo máis atención ao sector privado e ás pemes, o que xera contradicións.

Dúas tendencias cabe destacar. Unha apunta a salvar os grandes conglomerados que forman parte da raíz do tecido industrial tradicional mediante fusiones que reflicten esa ambición. Outra, o desexo de saneamento. Ambas cohabitan desde xaneiro de 2015. Un exemplo foi o rescate, en maio, do grupo público Sinosteel, xigante do aceiro, que emprega a 46.000 persoas, o primeiro grupo chinés que se implantou no exterior (en Australia, Sudáfrica e Cimbabue). A súa sobrecapacidade e as débedas, xunto á baixa do prezo do mineral de ferro, aconsellaban o saneamento, pero o temor ao impacto no emprego e o peso dos intereses corporativos, paralizaron as reformas.

Estímase que os xigantes industriais deteñen o 70% da débeda chinesa. Agora, o goberno pretende crear xigantes no sector ferroviario coa fusión de empresas do sector (CNR e CSR) e podería seguir polos xigantes da enerxía, os hidrocarburos ou o automóbil. O saneamento do sector público foi anunciado na primavera de 2015 co propósito de reducir a 40 o número de conglomerados que hoxe son máis de 1.500 dos cales 227 cotizan nas bolsas de Shanghai e Shenzhen capitalizando 1,4 billóns de euros de activos. Nunha xungla de grupos conectados ao poder, esa simplificación podería diminuír as oportunidades de corrupción e mellorar a xestión, pero os bastións conservadores, onde se cruzan os clans políticos rivais e os intereses económicos, opoñerán seria resistencia.

A intención de privatizar os grandes grupos públicos non é nova e data dos anos 90 (Bréhier, 2007). Nas dúas últimas décadas, decenas de miles de pemes foron reestruturadas, pechadas, vendidas ou privatizadas. Para os grandes grupos, o ritmo foi menos expeditivo e só unha parte do capital abriuse, quedando, como máximo, nunha posición híbrida ou mixta. Moitos son aínda xestionados polos propios ministerios ou por consellos de administración controlados totalmente polo Estado. O PCCh decidiu (2014) acelerar a apertura do seu capital, pero farase con prudencia. O Partido aposta cada día

máis claramente por unha economía mixta e incita aos grupos públicos a mellorar a súa xestión, cun financiamento asegurado de inversores privados, institucións públicas e sociedades de accións mixtas pública e privada. As cobaias deste proceso son o ferrocarril ou os sectores farmacéutico ou agroalimentario. En paralelo, o goberno autoriza a Alibaba, Tencent, Fosun e outros novos actores a crear bancos privados.

As empresas máis fráxiles ou mal xestionadas son obxecto de reestruturación pero tamén de creba. Foi o caso do xigante naval Rongsheng ou o grupo Baoding Taowei, fabricante de transformadores eléctricos, convertido na primeira empresa do Estado en declararse en suspensión de pagos ao non poder facer fronte aos 13,8 millóns de dólares de intereses das súas obrigas. É a primeira vez que un grupo do Estado non é socorrido polo diñeiro público. As empresas do sector público non estratéxicas serán sacrificadas, redirixindo os recursos financeiros á parte produtiva do sector industrial.

En calquera caso, a prudencia extremábase para controlar as consecuencias e evitar o caos sobrevido ao afundimento da URSS. Os valedores da terapia de shock dubidan da vontade real do Partido, onde aniñan nalgúns sectores importantes reticencias ao concepto de privatización, ao cal engádense as manobras dilatorias das empresas, a falta de transparencia, etc. O PCCh explorará fórmulas de xestión que garantan a viabilidade empresarial sen que iso supoña perder a súa base económica (Ríos, 2007).

Un elemento a ter en conta é o repunte nacionalista. Unha das claves do mandato de Xi Jinping asocia a China coa tendencia a crear grandes grupos de renome internacional, na súa maior parte públicos.

Dous grandes temas cabe engadir á vasta reorganización en curso do tecido industrial: 1) a reforma das pensións co concurso dos grupos públicos; 2) a privatización parcial dos hospitais urbanos.

Shandong foi a primeira provincia en reforzar as súas caixas de pensións mediante a contribución dos grupos públicos. A reforma experimental iniciouse en Cantón en 2012 mediante a creación dun fondo en bolsa nutrido polas accións dos grupos públicos e garantido polo goberno. En maio, tres grupos do Estado de Shandong transferiron un 30% do seu valor en bolsa a un fondo público que xestiona as finanzas da seguridade social da provincia, cun equivalente de 480 millóns de euros. O fondo opera como accionista dos tres grupos públicos implicados: o grupo de aeroportos internacionais da provincia, a sociedade de enerxía e a compañía industrial das salinas. O goberno de Shandong pretende estender a medida aos 468 grupos públicos que supervisa e servirse ata un máximo do 30% do valor en bolsa para nutrir os fondos sociais.

No sistema de saúde, en maio, o Consello de Estado anunciou un plan de privatización parcial dos hospitais, afectando a 6.800 hospitais públicos urbanos e debería culminarse a finais de 2017. Esténdese así unha experiencia iniciada en 2010 en 17 hospitais. En 2014, afectou a 34 e en 2015 a 64. A inxección de fondos privados debe servir para mellorar a calidade dos servizos e reducir entre 30-50% a parte dos prezos dos medicamentos que se destina ao orzamento do hospital e aos honorarios dos médicos. A mellora das dotacións dos hospitais periféricos, o control do gasto e a corrección das desigualdades na calidade dos servizos están na axenda da reforma. Está por ver que funcione con esta nova fórmula.

En canto ao campo, os cambios na orde da propiedade terán un gran alcance. Como é sabido, a cuestión da propiedade en China é complexa polas súas derivacións culturais e ideolóxicas pero tamén porque existen réximes separados para as zonas rurais e urbanas. Isto complicase aínda máis cando o país áchase inmerso nun vasto proceso de urbanización que transforma as terras agrícolas en parcelas urbanizables facéndoo pasar dun réxime de propiedade a outro nun airiño.

En novembro de 2014, o Partido e o goberno aclararon nun documento os tres niveis de propiedade das terras agrícolas: 1) o antigo sistema de propiedade colectiva das comunas; 2) os contratos de explotación non transferibles atribuídos aos campesiños que remiten á reforma de Deng Xiaoping a inicios dos 80; 3) os dereitos de xestión transferibles. Estes últimos contemplan en teoría a opción a alugar a terra, hipotecala ou incorporala a un activo inmobiliario para crear unha empresa. A elaboración do catastro da terra segundo estes tres criterios está en curso e debería estar terminado en 2020. O sistema de dereitos de xestión transferibles constitúe unha gran novidade que afecta de cheo ao principio da propiedade colectiva. Quizá por iso, a promulgación desta norma foi obxecto dunha gran discreción.

A reforma, din, pretende elevar o nivel de vida dos campesiños e responder ao éxodo rural, tanto para mitigalo como para dar saída ás terras ociosas e garantir a seguridade alimentaria. Os críticos exhiben o temor a que a terra acabe escapando das mans dos campesiños desprovistos de toda seguridade en beneficio das grandes concentracións de capital (Au Loong Yu, 2013). No campo, unha parte crecente das rendas xa non provén da agricultura e moitos campesiños abandonan aceleradamente o medio rural. O éxodo rural proxectará 300 millóns de chineses cara ás cidades en 2025.

Novos pasos na internacionalización do yuan

A finais de 2015, o FMI anunciou a inclusión do renminbi (RMB) no círculo pechado de moedas de referencia da institución. A medida, efectiva a partir de outubro de 2016, foi unha vitoria para as autoridades chinesas, un símbolo do ascenso do país, da súa integración no sistema financeiro internacional e da súa apertura. Ademais, o peso relativo do yuan na cesta de moedas de reserva será do 10,92 por cento, por enriba do yen xaponés (8,3 por cento) e a libra esterlina (8,1 por cento), convertendo a moeda chinesa na terceira moeda de referencia global, tralo euro (30,9 por cento) e o dólar (41,7 por cento).

Moitas das reformas financeiras adoptadas no quente verán de 2015 non só trataban de apoiar o crecemento ou dar resposta ás tensións da bolsa senón tamén abrir camiño ao recoñecemento do RMB como moeda de reserva. En maio, a introdución dun sistema de seguro de depósitos debía permitir liberar ao Estado da obriga de reflotar unha banca en creba e aproximar o sistema financeiro chinés ás leis do mercado. A liberalización das taxa de intereses dos depósitos e o fomento da competencia entre os bancos orientábanse no mesmo sentido.

O recoñecemento internacional do RMB é comparable á admisión de China na OMC en 2001 (Wei Dan, 2001). Tralo éxito da creación do Banco Asiático de Investimento en Infraestruturas (BAII), realza a credibilidade do yuan, acelera a súa utilización nas transaccións comerciais globais e contribuirá a remodelar o sistema financeiro mundial, pasando progresivamente da periferia ao seu centro. Pese a que China non completou ao cento por cento as esixencias na apertura da súa conta de capital, tanto o FMI como EUA non podían obviar as transformacións experimentadas por este país nos últimos lustros, hoxe a primeira potencia comercial do planeta e tamén titular da cuarta divisa do comercio internacional cun 2,5 por cento dos intercambios globais en RMB (fronte ao 45 por cento do dólar e o 28 por cento do euro). A decisión do FMI recoñece o poder financeiro de China e trata de compensar o descontento tanto deste país como dos BRICS co funcionamento das institucións mundiais clásicas controladas por EUA e os seus aliados. Un lustro esperaron á ratificación por parte de EUA da reforma da cota e o sistema de gobernanza do FMI.

A longa marcha da divisa chinesa para formar parte do paquete de moedas de referencia global iniciouse en xullo de 2005 cando as autoridades decidiron deixar flotar a súa moeda nunha estreita banda. A partir de 2006, a apertura proseguíu coa presenza de inversores estranxeiros en catro bancos do Estado e nunha vintena de institucións financeiras cun límite do 25 por cento do capital. Tralo XVIII Congreso do PCCh (2012), os acordos bilaterais para a utilización do yuan nas transaccións comerciais multiplicáronse (31 a finais de maio de 2015).

Debe destacarse igualmente que tralo cume de APEC de novembro de 2014 en Beijing, as bolsas de Shanghai e Hong Kong foron conectadas, autorizándose os investimentos cruzados. É a primeira vez na historia da RPCh que un inversor privado pode comprar accións e produtos financeiros nunha bolsa chinesa. Unha etapa máis no proceso de lenta apertura do mercado de capitais chinés, sentando as bases para a terceira bolsa mundial tralo NYSE e o Nasdaq, por diante de Londres e Tokio.

Creáronse tamén novas zonas de librecambio (Cantón, Qianhai -Shenzhen-, Hengqin -Zhuhai-, Fujian, Tianjin), iniciativas que confirman a vontade de apertura co afán de desbloquear o mercado dos servizos e prover aos operadores chineses dos hábitos de competencia internacionais nun contexto onde a iniciativa do TPP exerce unha presión constante sobre o conxunto da zona.

A débeda das administracións locais

En xuño de 2013, a débeda global de China representaba o 56,2% do PIB (23% correspondía ao goberno central e o 33,2% ás administracións locais). Segundo fontes oficiais, o monto da débeda local aumentou un 30% en relación a 2014 e alcanza uns 4,2 billóns de yuans. Reducir ese monto constitúe unha das grandes reformas en curso. Lou Jiwei, ministro de finanzas, lanzou unha operación para reabsorbela con urxencia mediante o outorgamento de préstamos a baixo interese emitidos polos gobernos provinciais, pero a experiencia non deu bos resultados. As provincias mostráronse reticentes adar conta exacta dos seus créditos e da súa fisonomía (empresas, débedas tóxicas, ligados ás obrigacións sociais) e moitas subestimaron a importancia do problema para dar a impresión de boa xestión. O goberno central debeu entón modificar a súa estratexia ante o agravamento da moderación do crecemento. Optouse por reorientar as débedas das provincias cara aos principais prestamistas das administracións locais e os posuidores das súas débedas, os bancos do Estado. Estes subscribiron as obrigas emitidas polas provincias malia as súas baixas taxas de interese. A garantía do poder público permitiu a paulatina transformación de débeda en obrigas.

O plan en tres tempos de Lou Jiwei contemplaba a instauración da obriga de transparencia e de control dos orzamentos por parte da Asemblea Popular Nacional, a obriga de distinguir claramente as sociedades fiduciarias das administracións ou pechalas e a obriga de proceder ao inventario detallado das débedas locais, controlando as finanzas provinciais mediante a reestruturación das débedas existentes cuxo montante exacto o goberno descoñecía. O goberno central autorizou ás provincias a emitir obrigacións garantidas destinadas a transformar os seus créditos en préstamos con períodos de 3 a 10 anos e con intereses comprendidos entre o 2,94 e o 3,41%, lixeiramente superiores aos das obrigacións emitidas polo Banco Central. En paralelo, deu marcha atrás ao permitir de novo que as sociedades fiduciarias puidesen empeñarse en nome das administracións locais ante o temor de que o rigor do proceso de control levará a un retroceso no crecemento prexudicial para o emprego.

Un informe do McKinsey Global Institute revela unha explosión da débeda chinesa desde 2007, que alcanzaría o 282% do PIB (incluíndo entidades financeiras públicas, administración central e locais, sector privado, empresas) en xuño de 2014, o máis elevado dos emerxentes e excedendo o nivel de débeda da maior parte dos países desenvolvidos. Unha característica esencial da débeda chinesa é a sobreexposición das empresas, especialmente das empresas públicas, cunha rendibilidade claramente baixa.

Pero parte da clave do informe é a alusión a que boa parte dos descubertos está relacionada co sector inmobiliario, moi fráxil, malia que representa o 30 % do PIB, de aí a importancia de evitar unha crise brutal no sector que poida levar consigo unha reacción en cadea. O 67% dos créditos están en mans dos bancos, sociedades fiduciarias e empresas, e un 50% dese importe ten unha conexión directa ou indirecta co sector da construción. Debe mencionarse tamén un sector financeiro non oficial pero tolerado que ten o 50% dos créditos novos agravados polas tensións financeiras relacionadas co saneamento de numerosas provincias que están en situación de case creba. Pese a todo, di o informe, o Banco Central ten medios para atenuar os efectos.

O novo liderado do PCCh mostrou desde o inicio do seu mandato unha clara vontade de poñer orde no sistema financeiro, ensaiando novas medidas de apertura na Zona de Libre Comercio de Shanghai e de Qianhai, conectando as bolsas de Hong Kong e Shanghai, ou creando os certificados de depósito -títulos de crédito negociables dun monto mínimo de 50 millóns de yuans- destinados a facer máis fluído o mercado interbancario, paso necesario para establecer un sistema de seguro de depósitos, camiño da liberación das taxas de interese.

Un eixe igualmente destacado é o énfase no control da finanza gris, aumentando a vixilancia sobre o comportamento das institucións financeiras públicas locais e protagonistas de créditos fáciles que nutren o monto de débeda das administracións locais. Segundo as autoridades, habería en China ata 397 “produtos financeiros” de risco cun valor total de 82,4 mil millóns de yuans, que representan o 28% dos capitais detidos polas 68 institucións financeiras locais.

As implicacións sociais e políticas

Boa parte das tensións rexistradas no verán de 2015 son reflexo da difícil transición na que se atopa China. Desde a baixa nas reservas de cambio, a dobre depreciación do yuan do 11 e 12 de agosto, as baixas no tipo de interese e de reserva obrigatoria, a caída na produción industrial, etc., as vicisitudes que rodean esta evolución engaden certa incerteza que pode agravarse si xorden controversias internas de certo calado con implicacións políticas.

Algúns expertos chineses vaticinan que 2016 será un ano convulso a medida que a reestruturación nos grupos públicos se intensifique, evidenciando notorios problemas como o “desemprego invisible”, hoxe sometido a control. A CASS prevé que

en 2016 aumentarán os despedimentos e o sector servizos non será capaz de reabsorber os excedentes. O emprego tamén se reducirá a medida que se realocalicen empresas chinesas no estranxeiro. Fontes oficiais destacan que o 39,7 por cento das empresas estatais teñen perdas e moitas suspenderon, total ou parcialmente, a produción atrasando o pago de salarios aos traballadores.

O axuste industrial e socioeconómico en curso pode provocar disturbios internos serios, din quen consideran que a transición non será fácil nin pacífica. Segundo o instituto Hurun de Shanghai, un 64 por cento das grandes fortunas chinesas mostraban en 2014 claras intencións de saír do país. Non falta quen acuse ás elites, incluídos os príncipes vermellos que agora detentan o poder, de esquecerse dos auténticos artífices do crecemento, de acaparar as riquezas e evitar a redistribución. A evolución do coeficiente Gini desde fai 25 anos é alarmante e a redistribución, seguindo a consigna da sociedade harmoniosa do antigo equipo de Hu Jintao, non se levou a efecto. Pasou do 0,30 nos anos 90 a 0,46 en 2006, e hoxe podería roldar o 0,60, cando 0,40 é o limiar de potencial risco de agravamento das tensións sociais. Os que temen escenarios explosivos, tanto adiñeirados como clase media con fortuna, saen de China, e moitos dos situados nos estratos medios e superiores da sociedade, ansían dispoñer dun segundo pasaporte e axéncianse para ter a parte da familia fóra.

As reservas de cambio de China baixaron por cuarto trimestre consecutivo cunha caída de 116.000 millóns de dólares no primeiro trimestre de 2015, e outra de 36,2 mil millóns no segundo. En 2014, nos dous últimos trimestres, as baixas foron de 105 e 47 mil millóns, o que fai unha suma total de máis de 300 mil millóns. Algúns asociaron este feito coa fuga de capitais ante a caída da confianza na economía chinesa. Goldman Sachs chegou a cuantificalo nuns 200 mil millóns, unha suma récord. Beijing dixo que os movementos de capitais cara ao estranxeiro non eran significativos e que en parte podía deberse ás implicacións financeiras de proxectos exteriores de China como as rutas da seda ou o BAII. O Banco Central certificou que se aportaron 48 mil millóns ao Banco de Desenvolvemento e outros 45 ao Eximbank, inxeccións de capital destinadas a relanzar o crecemento e apoiar as exportacións nun contexto marcado por unha redución do 10 por cento do excedente comercial. Os analistas externos atribúen á caída da confianza o principal causante da fuga de capitais e por iso prevén unha baixada continua e progresiva.

Desde a súa chegada ao poder, Xi Jinping, co argumento da corrupción, procurou debilitar os círculos de apoio dos seus antecesores, Jiang Zemin e Hu Jintao, o cal xerou inquietude e frustración entre os protexidos destes, dando pé á conformación de redes de adversarios nos servizos de seguridade, militares ou en sectores estratéxicos. O risco dunha crise política e as dúbidas sobre a solidez do tándem integrado co primeiro ministro Li Keqiang xeran argumentos contraditorios. A severidade da loita contra a corrupción aumenta a popularidade de Xi fronte aos rancores dos usufrutuarios dos antigos esquemas de desenvolvemento, hoxe insostibles. Pero rexorden os temores ao rexurdimento da loita de clans ou ao afrouxamento do consenso na xestión do poder promovido por Deng para evitar a reaparición das "dúas liñas". O novo liderado trata de gañar tempo para que a confianza social non se debilite en tanto non se aprecian os resultados dos esforzos na redución das diferenzas de desenvolvemento e desigualdades. En 2015 rexistrouse un aumento do 70 por cento no número de multimillonarios en dólares, dos cales un 25 por cento, polo menos, son membros do PCCh.

Fronte a tal estado de cousas, no outono de 2012, antes do XVIII Congreso do PCCh, sociólogos como Zhang Lifan, antigo membro da Academia Chinesa de Ciencias Sociais, alertaba sobre a importancia de acometer reformas políticas serias nos primeiros cinco anos de mandato de Xi, advertindo que, de non facelas, o PCCh desaparecería en dez anos. Xi evocou o escenario da desaparición do PCCh nada máis tomar posesión do cargo á vista do seu descrédito ético, pero unha vez no cume do poder acentuou a concentración, a represión dos reformistas e matiza as reformas políticas.

Outra voz a ter en conta é a de Sun Liping, profesor de socioloxía na Xinhua University, mentor universitario Xi Jinping, quen xa en 2009 describía os riscos de descomposición dunha burocracia que perdera o norte moral e que gangrenaba a honestidade e a demanda de xustiza da sociedade chinesa. Sun denuncia as tendencias despóticas do actual liderado, o seu estilo autocrático, o exceso de centralismo e a proliferación da obediencia cega, actitudes que reflectirían a debilidade do goberno.

A dimensión exterior

O fío de continuidade entre as reformas internas e a expansión global da economía chinesa é inequívoco. Cabe facer mención de varias fronteas. Primeiro, a conclusión de TLCs con Corea do Sur e Australia e a intensificación das negociacións comerciais con EUA, Xapón e Europa. Segundo, o impulso de ambiciosos proxectos que abarcan os cinco continentes, desde a revitalización das rutas da Seda aos marcos de cooperación establecidos cos PECO, CELAC, ou

África, todos eles sustentados con xenerosas promesas de investimento e préstamos que deben permitir dar saída aos excesos de capacidade internos en numerosos sectores e xerar espazos de desenvolvemento e consumo no exterior que operen o necesario retorno ás arcas chinesas. As viaxes dos máximos dirixentes chineses son unha constante e sempre van acompañadas de propostas estratéxicas cunha clara vontade expansiva e transformadora. Os efectos acumulados destas accións impulsan a economía chinesa cara a unha maior apertura (Lin, 2013).

Conclusións

É difícil facerse unha idea exacta da situación da economía chinesa. A impresión que domina é a desconfianza sobre as informacións económicas que proceden de fontes oficiais. Oscilan entre un pesimismo excesivo e un optimismo ilusorio, entre catástrofe e milagre, entre voluntarismo e prudencia. A debilidade dos pedidos industriais, o retroceso do emprego, a baixa da produción como consecuencia da contracción da demanda en Europa, a atonía do sector produtivo, fan sospeitar aos observadores especializados e fundamentan unha sombra de inquietude sobre a capacidade do actual liderado para superar os déficits socio-económicos e políticos que o réxime decidiu afrontar desde 2012. As cifras da economía deste ano 2015 non foron especialmente estimulantes e evidencian que a economía enfrenta un momento adverso malia as medidas de relanzamento orzamentario e novos investimentos públicos en infraestruturas, transportes, etc.

Pero tamén hai datos positivos. Ademais de cifras esperanzadoras no comportamento do mercado inmobiliario, cabe sinalar que a novidade máis celebrada é o aumento lento pero regular da parte do consumo no PNB, testemuñando que a difícil transición económica está en marcha malia os obstáculos. A clase media capaz de consumir á occidental aumenta inexorablemente (estimada nuns 75 millóns de fogares en 2015), a parte do consumo no PNB que baixou do 38 ao 36% entre 2006 e 2010 está constantemente ao alza. Pese a iso, as cifras están aínda lonxe das rexistradas nas economías occidentais (Alemaña, 55%, Reino Unido, 64%, EUA, 68%). Outra cousa é a sostibilidade futura dese modelo, tanto en China como no resto do mundo.

Os salarios creceron un 7,8% de media nos últimos doce meses, o excedente comercial supera os 30.000 millóns de dólares, os investimentos chineses no estranxeiro viven un momento de gran expansión e segue sendo China o primeiro destino do investimento estranxeiro no mundo. Malia a caída da bolsa nun 30%, o seu valor capitalizado é aínda superior nun 80 por cento ao de fai un ano.

O impulso reformista que vive o xigante asiático inscríbese no vasto proxecto de modernización e de renovación do “soño chinés”, que debe conciliarse coa afirmación dunha nova ola de apertura. Non hai un esquema ou unha folia de ruta clara das reformas, cuxa pilotaxe depende dos diversos “grupos dirixentes” creados a nivel central para proxectar a reforma nos seus diferentes aspectos. A conciencia sobre a necesidade de introducir cambios é absoluta pero os intereses afectados poden derivar en bloqueos que agreten o consenso necesario para seguir avanzando. Nesta tesitura, os líderes chineses teñen a esixencia engadida de limitar o alcance dos impactos das reformas no propio PCCh de cuxa preservación, polo momento, ninguén parece dubidar.

Xulio Ríos é director do Observatorio da Política Chinesa, www.politica-chinesa.org

Referencias bibliográficas

- Au Loong Yu (2013), *La Chine, un capitalisme bureaucratique, forces et faiblesses*, París, Syllepse.
- Bergère, Marie-Claire (2007), *Capitalisme & Capitalistes en Chine, des origines à nos jours*, París, Perrin Asie.
- Bréhier, Delphine (2007), *Miracles et revers de la croissance économique chinoise de 1949 à 2005*, Paris, Le Manuscrit.
- Gao, Liang (2013), *Changing Developmental Pattern Requires Systematic Thinking*, *Political Economic Review*.
- Lin Chun (2013), *China y el capitalismo global*, Barcelona, El Viejo Topo.
- (2006), *The Transformation of Chinese Socialism*, Durham, NC: Duke University Press.
- Naughton, Barry (2006) *The Chinese Economy: Transitions and Growth*, Mit Press Ltd
- Ríos, Xulio (2014) *Bienvenido Míster Mao*, Madrid, Akal

– (2012) China pide paso. De Hu Jintao a Xi Jinping, Barcelona, Icaria.

– (2007), Mercado y control político en China, Madrid, La Catarata.

Wei, Dan (2001) A China e a Organización Mundial do Comercio, Coimbra, Almedina

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

China e o mundo chinés

ETIQUETAS

China Economía Privatización Crecemento Empresas estatais Reestruturación

IDIOMA

Galego

Date Created

Xaneiro 20, 2016

Meta Fields

Autoria : 3717

Datapublicacion : 2016-01-20 00:00:00